

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 30 DE MAIO DE
2013.**

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

Dona Paula Fernández Pena

CONCELLEIROS:

D. Manuel Cuiña Fernández (PSdeG-PSOE)
D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
D. Antonio Couso Álvarez (PSdeG-PSOE)
D^a María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
D^a Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e catro minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE
ABRIL DE 2013.**

Non se fan observacións quedando aprobada a acta

**2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE
PROCEDE, DOS ORZAMENTOS XERAIS DO EXERCIZO 2013.**

Procédese por parte do secretario á lectura do disctame que é o seguinte:

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 23 de maio de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento xeral do exercizo 2013.

Exponse por parte da Alcaldesa o contido da proposta e a resolucións das alegacións, preguntando se queren debatilas unha a unha. Asimesmo fai constar que Bernardina Porral lle comunicou por correo electrónico a retirada das alegacións ao celebrarse a Mesa Xeral de Negociación.

Rematada a lectura intervén o Sr. Rodríguez da Torre, que presenta unha emenda á proposta consistente en introducir dentro dos antecedentes a celebración da Mesa Xeral de Negociación. Sometida a emenda a votación esta é apreciada por unanimidade, quedando en consecuencia engadido o seguinte parágrafo:

“Vistos os acordos adoptados pola Mesa Xeral de Negociación en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de maio de 2013”.

Sometida a proposta xa emendada a votación, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor 3 (Membros do PSdeG-PSOE)
Abstencións 1 (Grupo Mixto)
Votos en contra 3 (Membros do PP)

Producíndose empate realízase unha nova votación co seguinte resultado:

Votos a favor 3 (Membros do PSdeG-PSOE)
Abstencións 1 (Grupo Mixto)
Votos en contra 3 (Membros do PP)

Ao persistir o empate decide a Sra. Presidenta co voto de calidade dictaminándose favorablemente a proposta emendada, quedando redactada do seguinte xeito:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico 2013, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistas as alegacións presentadas polos interesados perante o período de información pública de 18 de abril ó 8 de maio de 2013.

Visto o informe da Interventora municipal, de data 10 de maio de 2013, relativo ás alegacións formuladas ao orzamento inicialmente aprobado.

Visto o artigo 170.2 do texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece como únicos motivos de reclamación contra o orzamento os seguintes:

-Non terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites previstos na lei.

- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibéis á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

-Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados, ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Vistos os acordos adoptados pola Mesa Xeral de Negociación en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de maio de 2013

Visto todo o anterior, propoño á Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, dictamine o asunto en sentido favorable e eleve ao Pleno o seguinte acordo:

Primeiro: Resolver as seguintes alegacións :

Alegacións presentadas por José Manuel García Blanco: Estímase a alegación relativa á inclusión da cantidade que ven percibindo o Xefe da Policía Local, en concepto de produtividade, pasando a integrarse a cantidade anual de 3.000,00 euros, dentro do complemento específico, asímesmo, estímase parcialmente a alegación relativa á inclusión dentro do cadro de persoal, de dúas prazas de axentes e unha praza de oficial da Policía Local, e a conseguinte dotación orzamentaria, accedendo á súa inclusión no cadro de persoal pero sen dotación orzamentaria, en base o previsto nos artigos 22.dous e 23.un da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, xa que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2012, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal, como á antigüidade do mesmo, impedíndose ao longo do exercicio 2013 a incorporación de novo persoal.

Alegacións presentadas por Manuel López Vieitez: Estímase a alegación de equiparar o seu complemento específico, que ven no anteproyecto de orzamento 2013, por importe de 3.658,32 euros anuais, pasando a ser de 3.745,32 euros anuais.

Alegacións presentadas por D^a. Bernardina Porrál Mosquera, en representación da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega:

Estímase parcialmente o escrito de alegacións nos seguintes termos: No tocante ao incumprimento da convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, estímase a alegación, dando por convalidada dita omisión coa celebración de dita Mesa o día 20 de maio de 2013. No tocante á equiparación de nivel de complemento de destino do mesmo subgrupo, desestímase a alegación xa que a asignación do nivel é para cada posto de traballo, e non ven determinado pola pertenza a unha subescala ou concretamente subgrupo determinado, debendo ter en consideración os criterios establecidos no artigo 3.2 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, do

Réxime das retribucións dos funcionarios da administración local. No tocante á desaparición da relación de persoal da praza de oficial de policía local, estímase a alegación, incluíndo dentro do cadro de persoal (con dotación orzamentaria 0), dita praza. Por último, desestímase a alegación relativa ás diferencias salariais entre traballadores da mesma categoría profesional de persoal laboral, xa que en materia retributiva rexe o artigo 27 do E.B.E.P. para o persoal laboral, que establece que as retribucións do persoal laboral determinaríanse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable, e o contrato de traballo.

Alegacións presentadas por Ana Rosa Cornado Molina: Estímase parcialmente o escrito de alegacións nos seguintes termos: No tocante ao comezo da aplicación para o ano 2013 da Relación de Postos de Traballo, non procede a estimación, xa que dito documento aínda non se atopa aprobado. Estímase a alegación referente á equiparación do complemento específico dos axentes da Policía Local.

Alegacións presentadas por Jerónimo Fernández Vicente e Eduardo Rejo Portela, en representación do C.S.I-F.: Estímase o escrito de alegacións, no tocante ao incumprimento da convocatoria da Mesa Xeral de Negociación, dando por convalidada dita omisión coa celebración de dita Mesa o día 20 de maio de 2013.

Segundo: Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2013, xunto cos seus correspondentes Anexos, tal e como foi inicialmente aprobado polo Pleno do concello en sesión celebrada o día 4 de abril de 2013, coas seguintes modificacións, que dan cumprimento ás alegacións estimadas no apartado primeiro, así como aos acordos adoptados pola Mesa Xeral de Negociación, e que son as que se detallan a continuación:

Aplicacións do orzamento de gastos que se incrementan:

132.12101 (Complemento específico):3.137,64€

Aplicacións do orzamento de gastos que se minoran:

132.150 (Produtividade):2.564,00€

151.22100 (Enerxía eléctrica):573,64€

Modificacións do cadro de persoal:

Se modifican os complementos específicos dos funcionarios que se detallan, quedando fixado dito complemento anualmente co seguinte importe:

Manuel López Vieitez (axente Policía Local):3.745,32€

José Iván Castro Sanmartín:3.745,32€

José Manuel García Blanco:7.358,28€

Inclúense os seguintes postos de traballo (sen dotación orzamentaria):

Denominación	Grupo	Nivel	Complemento	Destino
Oficial de Policía Local.	C1	18		
Axente de Policía Local.	C1	16		
Axente de Policía Local.	C1	16		

Administrativo-	C1	18
Auxiliar administrativo.	C2	16
Operario.	E	14

O Estado do orzamento de gastos e de ingresos definitivos, resumidos por capítulos, queda do seguinte xeito:

ESTADO DE GASTOS

Operacions correntes		4.449.640,32 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL.	1.978.260,98
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	2.115.686,62
3	GASTOS FINANCEIROS.	235.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES.	120.692,72
Operacions de capital		131.448,81 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
6	INVESTIMENTOS REAIS.	126.948,81
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	4.500,00
Operacions financeiras		129.726,04 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
8	ACTIVOS FINANCEIROS.	3.726,04
9	PASIVOS FINANCEIROS.	126.000,00
Total presuposto de gastos:		4.710.815,17 Eur

ESTADO DE INGRESOS

Operacions correntes		4.707.089,13 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS.	1.754.356,41
2	IMPOSTOS INDIRECTOS.	35.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.	513.800,00
4	TRANSFERENCIA CORRENTES.	2.403.432,72
5	INGRESOS PATRIMONIAIS.	500,00
Operacions de capital		0,00 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS
Operacions financeiras		3.726,04 Eur
Capítulo	Denominación	IMPORTE EUROS

8 ACTIVOS FINANCEIROS.

3.726,04

Total presuposto de ingresos:**4.710.815,17 Eur**

Terceiro: Remitir copia á Administración do Estado, así como ó órgano competente da Comunidade Autónoma, e ordear a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra, resumido por capítulos, así como o cadro de persoal.

Cuarto: Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigos 10.1.b, e 46.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.)”.

Rematada a lectura ábrese unha primeira queda de intervencións

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen lle da a benvida ao novo secretario, prosegue dicindo que lle agradece á Alcaldesa que se tiveran en conta as alegacións exportas, como a equiparación retributiva dos membros da Policía Local ou o complemento específico do Xefe da Policía Local, dí que se alegra de que pon fin se vaia a levar a cabo unha negociación da RPT e pregunta se hai algún calendario. Remata dicindo que o sentido do seu voto vai serv negativo xa que ademáis teñen un dato máis como é o de que existe un remanente negativo de tesourería de 605.000,00 euros.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen lle da a benvida ao novo secretario, prosegue dicindo que estando dacordo cos investimentos non o pode estar coas malas prácticas políticas xa que os orzamentos xerais son o punto máis importante do ano. Que se presentaron alegacións por parte do representante do BNG en Silleda e que agradece que se convocara mesa xeral de negociación e que nesa xuntanza conseguíuse avanzar, demostrándose que se pode chegar a bo porto falando, anuncia que non se van a opoñer e que en relacións coas cifras orzamentarias non vai a interveir xa que foron anteriormente obxecto de debate.

Sometida a proposta a votación prodúcese empate ao votar a favor os membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6), votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) e unha abstención do membro do grupo mixto, polo que se produce unha segunda votación acadándose o mesmo resultado polo que a Alcaldesa co voto de calidade decide aprobar a proposta nos termos en que foi dictaminada na comisión informativa.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

3º.- MOCIÓNS

Antes de proceder coa primeira moción a Alcaldesa concédelle a palabra a Dona Ánxela Taboada Lamela en virtude do disposto no regulamento de participación cidadá, quen actúa en representación do Movemento Ensino Público DEZAO.

Intervén a Sra. Taboada Lamela, quen dí que iste movemento agrupa a profesorado, alumnado e asociacións de nais e pais de alumnos, que están en contra da lei procedendo á lectura da moción que é a seguinte:

O abaixo asinantes voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG acreditados no concello presentan para o seu debate e aprobación se procede por parte do pleno do concello de Silleda a seguinte

MOCIÓN

O anteproxecto da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) está sendo rexeitado practicamente por todas a comunidades educativas dos distintos centros educativos do país, e entendemos que de aprobarse resultaría moi lesivo para o sistema educativo por moitas cuestións entre as que vamos a numerar as seguintes:

1. Non é un proxecto froito do consenso coa comunidade educativa e coas diferentes organizacións políticas e sociais, polo que será difícil que leve a un modelo mínimamente estable e duradeiro.
2. Non está baseado nunha análise rigorosa dos problemas do noso sistema educativo. Así, non aborda melloras relativas á metodoloxía, aos curriculos, á ratio, aos recursos humanos e materiais necesarios para unha axeitada atención á diversidade, á formación do profesorado, ...
3. Impón un sistema de barreiras selectivas que conducirán a un maior fracaso e abandono escolar, e condicionarán negativamente a praxe diaria.
4. Condiciona de maneira temperá o futuro académico e laboral do alumnado ao obrigalo a optar a titulacións diferentes no ensino obrigatorio.
5. Fomenta a competitividade (entre alumnos e entre centros de ensino), en lugar da cooperación.
6. Prioriza a competitividade laboral e económica fronte á formación integral do alumnado.
7. A clasificación (segundo os resultados obtidos en avaliacións externas) e a especialización dos centros levarán a unha distribución segregadora do alumnado que en nada contribuirá á cohesión social, á equidade e á igualdade de oportunidades.
8. Fortalece o ensino privado concertado en detrimento do público. (Ampliase o prazo de vixencia dos concertos, podéndose conceder estes a centros que diferencian alumnado por sexos; as Administracións educativas deberán garantir prazas suficientes, pero xa non terán por que ser públicas, poderán ser en centros privados concertados dependendo da "demanda social").
9. Dana a normalización lingüística ao non incluír a Lingua Galega entre as materias troncais.
10. Reforza o status da materia de Relixión mentres se desvalorizan as ensinanzas artísticas ou a tecnoloxía.
11. Anula a participación activa da comunidade educativa a través do consello escolar e concentra as funcións decisorias na figura dun director/a cuxa elección queda nas mans da administración.
12. O acceso a postos docentes deixará de rexerse por criterios obxectivos (A Administración poderá habilitar e contratar "expertos"; as direccións dos centros poderán escoller ou rexeitar profesorado)

13. Resta autonomía, e polo tanto capacidade de adaptación ás diferentes realidades, aos centros e ás comunidades autónomas con avaliacións externas e currículos deseñados de xeito centralizado.

Por todo o exposto, e asumindo plenamente este cuestionamento, reclamamos a retirada deste anteproxecto e, por enriba de todo, un ensino público de calidade, inclusivo, laico e compensador das desigualdades sociais e económicas, propoñendo ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

Que o Pleno do concello de Silleda formule o seu rexeitamento público do anteproxecto da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), solicitando do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a súa retirada, ao tempo que esixe un ensino público de calidade, inclusivo, laico e compensador das desigualdades sociais e económicas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que próximamente convocarase unha xunta de voceiro para tratar as mocións xa que aquelas que se presenten con anterioridade á confección da orde do día serán incluídas na mesma, incluso podendo levarse ao seu dictame pola comisión informativa correspondente xa que o secretario ten un criterio distinto ao seguido ata agora.

Ao non estar as mocións incluídas na orde do día procédese a someter a votación da urxencia da moción sobre o rexeitamento do anteproyecto da Lei Orgánica para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE). Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE E DO BNG SOBRE O REXEITAMENTO DO ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE).

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que hai unha taxa de abandono escolar do 24 %, que o informe PISA é demoledor, comenta os altos niveis que existen de xente que nin estuda nin traballo entre os 15 e 29 anos. En canto ás críticas dí que se pode escoller unha alternativa á relixión, que non se ataca a linguas cooficiais e que o que se pretende é atallar o abandono e o fracaso escolar e prepara o alumnado para a vida laboral.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, quen dí que a presión social pode facer que se emende a Lei. Que o PP pretende centralizar o ensino e acabar coas linguas distintas do castelán, pasando por alto que nos atopamos nunca comunidade plurinacional, que non quere que os seus impostor vaian para iso, que non é normal que se equipare a lingua inglesa coa galega, xa que a lingua que está en perigo é o galego como amosan os datos que cifran en que no 95,04% dos centros de 3 a 6 anos o galego está ausente, así como nos centros das 7 grandes cidades. Conclúe dicindo que isto é o que quere o Ministro de Educación e Rajoy, acabar co ensino público e co galego.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que comparte o exposto pola representante do do Movemento Ensino Público DEZAO e polo Sr. Rodríguez da Torre, que hai que



reflexionar sobre que lei queremos xa que está en xogo o futuro dos nosos fillos, polo que anuncia o voto en sentido favorable e espera que o PP rectifique a lei.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos votos favorables dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra do grupo municipal do PP (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do PSdeG-PSOE e do BNG sobre o rexeitamento do anteproyecto da Lei Orgánica para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE) nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, retira a moción para esixir a retirada da LOMCE, xa que se tratou anteriormente.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia para tratar a moción a prol do mantemento dos xulgados de paz e da gratuidade dos rexistros civís. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.2.- MOCIÓN DO BNG A PROL DO MANTENEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que o Estado pretende a eliminación dos rexistros civís, que os cidadáns perden dereitos, que os servizos ata o de agora gratuitos pasarán a ser de pago encomendándolle a súa competencia a rexistradores e que tanto istos como os notarios o único que queren son cartos.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que o que se trata con esta lei é simplificar os procedemento, fai referencia á Lei 20/2011 de Caamaño e da lectura á exposición de motivos. Conclúe dicindo que se se vai a impoñer algunha taxa non será en temas obligatorios, indicando que ademáis só se trata dun borrador.

Por parte da Sra. Alcaldesa indócase que non hai nada que apuntar.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos votos favorables dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra do grupo municipal do PP (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG a prol do mantemento dos xulgados de paz e da gratuidade dos rexistros civís nos seguintes termos:

MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte **MOCIÓN A PROL DO MANTENEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá "con exclusividade nos



seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia". Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito paralelo á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, "se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo".

Neste caso, afectará a unha ampla maioría, pois serán todas as persoas que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación de Silleda en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1.- Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado -relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Civís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de leí.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Civís.
- 3.- Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

Por parte do Sr. Espiño Espantoso, solítase votar a urxencia para tratar a moción relativa á elaboración dun plan integral de mobilidade e acondicionamento do entorno da ferverza do Toxa. Sometida a urxencia da moción a votación esta é

apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.3.- MOCIÓN DO PP SOBRE A ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE MOBILIDADE E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA FERVENZA DO TOXA.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dando lectura á moción que é a seguinte:

O voceiro do PP de Silleda, D. José Luis Espiño Espantoso, dá traslado aos grupos políticos con presenza na corporación municipal para que, de acordo co establecido no Regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno unha MOCIÓN relativa a ELABORACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE MOBILIDADE E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA FERVENZA DO TOXA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ferverza do Toxa é un dos enclaves naturais con máis atractivo do Concello de Silleda, paraxe de enorme interese paisaxístico e turístico, pois atrae múltiples visitas de toda Galicia e doutros lugares de España.

Estas cataratas son das máis altas de Galicia e España e sobresaen en singularidade e atractivo tanto en Silleda como no conxunto da Comarca do Deza. Situadas nunha zona xeográfica privilexiada equidistante a tan só vinte minutos da capital de Galicia recibe multitude de visitas, especialmente nas fins de semana.

Nembargantes, o Executivo silledense lonxe de prestar o máximo coidado a este espazo natural e de coidar ao máximo o turismo nestes momentos de crise, parece non lle preocupar e non ir consigo que o entorno desta área recreativa de gran valor presente un estado deplorable con ausencia total de acondicionamento e sinalización.

Dada a enorme confluencia de vehículos que se achegan a esta ferverza do Toxa, sobre todo, en fin de semana, bótase en falta totalmente a existencia dun plan de mobilidade e de circulación que regule o tráfico ao redor desta zona.

En sábados e domingos, sobre todo, no verán, pódese ver como unha multitude de coches, de xeito continuado, están aparcados en fincas particulares obstaculizando as pistas de acceso e causando múltiples atrancos no lugar, causando múltiples molestias á veciñanza. Incluso se pode dar o caso, como se deu, que unha ambulancia tivo un serio problema de acceso.

Estas notables deficiencias como son a carencia de aparcamento regulado e habilitado, un plan de mobilidade de vehículos e de acondicionamento das pistas de acceso, dan unha imaxe pésima do entorno. Deste xeito, un valor-recurso se converte nun elemento pexorativo para imaxe de Comarca e municipio.

Por todas estas razóns, dende o grupo do PP de Silleda, como voceiro, propoño ao Concello de Silleda e someto para a súa toma en consideración polo PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción dos seguinte

ACORDO

Elaboración dun Plan Integral de Mobilidade a acondicionamento do entorno da Fervenza do Toxa que con leve as seguintes accións de carácter municipal:

- Regulación de tráfico e circuítos de mobilidade con vías de acceso e saída de sentido único;
- Sinalización dos fluxos de tráfico;
 - Xestión dun espazo habilitado para aparcadoiro que posibilite o acceso á base e ao mirador;
 - Acondicionamento das pistas e moi especialmente dos treitos peonís a fin de evitar accidentes entre as persoas que visiten a fervenza.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que todos os gobernos do PP non fixeron nada ao respecto agás a pista que se fixo e que foi moi prexudicial. Dí que ten que existir un proxecto nom concello en relación con todo iso e que foi consultada a policía local, mesmo se iniciaron contactos co ADIF para o aparcadorio, remata dicindo que todo ise proxecto está aí e que non se executou por tempo e por motivos económicos, xa que o xestionou él e que o goberno pode utilizalo.

Intervén a Sra. Alcadesa quen dí que estando de acordo co aparcadoiro, non entende porqué non se suxeriu por parte do PP a inclusión da dotación orzamentaria cando o debate dos ornamentos xerais e porqué non se solicitou a súa inclusión no PXOM. Que a actuación proposta conleva un estudo pormenorizado de situación, que a policía dí que se se fai algúns veciños terán que facer moito percorrido para acceder ás súas vivendas. Anuncia a abstención do seu grupo neste punto xa que ten que estar informado económica e técnicamente e incorporalo no PXOM.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos votos favorables do grupo municipal do PP (6) e as abstencións dos concelleiros dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7), en consecuencia queda aprobada a Moción do PP sobre a elaboración dun plan integral de mobilidade e acondicionamento do entorno da fervenza do Toxa nos termos en que foi presentada.

Dilixencia: Para facer constar que a instancia do concelleiro do grupo mixto, este solicitou intervir nunha segunda quenda e non se lle concedeu a palabra.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia para tratar a moción para a declaración de "persoa non grata" a deputados/as que aprobaron a quitación das participacións preferentes. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.4.- MOCIÓN DO BNG PARA A DECLARACIÓN DE "PERSONA NON GRATA" A DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN PARA A DECLARACIÓN DE "PERSONA NON GRATA" A DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á declaración de "persoa non grata" a deputados/as galegos/as no Congreso por votar a favor da validación do Real Decreto-Lei 6/2013, que regula o mecanismo que permitirá facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior troco en accións de nula solvencia, que lle fará perder os seus-aforros acentos de familias deste concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de Rajoy caracterizouse por desenvolver unhas estritas políticas para beneficiar a banca en detrimento das persoas afectadas pola estafa das preferentes e subordinadas, que contou co indubidábel apelo de deputadas e deputados galegos do PP que permitiron a quita e o canxe por accións. É o resultado dun modelo de banca especulativa e espoliadora e dun Goberno do PP que se converteu no brazo executor dos ditados desa banca.

O sistema financeiro do Estado español non só non foi penalizado polas súas irresponsábeis prácticas especulativas e as perdas que ocasionaron, senón que mesmo recibiu o auxilio incondicionado, sen exixir responsabilidades a cambio, do Goberno central. En xullo de 2012, o Goberno do PP, asinou o Memorando de entendemento coa UE onde asumiu unhas condicións gravosas para a maioría da cidadanía, dado que as persoas contribuíntes en xeral han de realizar enormes esforzos para rescatar a banca privada do Estado español, e dun xeito especialmente grave para milleiros de pequen@s aforrador@s, posuídor@s de participacións preferentes e débeda subordinada. Neste Memorando recóllese expresamente a obriga de que se adoptarán no Estado español medidas para que esas persoas aforradoras que, con engano, son agora titulares de participacións preferentes ou débeda subordinada vexa obrigatoriamente convertido o diñeiro depositado en accións "con descontos considerábeis", isto é, de vérense esfumados os seus aforros en papel de escaso valor.

Estas medidas, adoptadas a través de diversos reais decretos-leis aprobados polo Goberno central e sempre validados co apoio dos deputados/as galegos/as galegos/as do PP, supoñen un durísimo golpe a milleiros de familias que asisten á legalización do roubo dos seus aferres perpetrado coa connivencia da Goberno do PP, no canto de contribuír a facilitarlies a devolución íntegra do diñeiro depositado como lle correspondería xestionar e defender a quen representa a cidadanía.

Neste sentido, son moi graves os prexuízos que as políticas de Rajoy e das deputadas galegas e galegos no Congreso lle causan a Galiza e, en concreto, a O PP pasou de ser cómplice da banca especuladora a culpábel do espolio do aforro dos galegos e das galegas, pois vén de legalizar o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse que colocaron produtos financeiros tóxicos con fraude, ocultación de información e abuso de confianza.

O PP rexeitou retirar o Real decreto-lei 6/2013, de 22 de marzo, de protección a titulares de determinados produtos de aforro e investimento de carácter financeiro

que autoriza e regula definitivamente o procedemento para facer efectiva a quitación das participacións preferentes e subordinadas e o posterior cambio en accións de nula solvencia, en vez de adoptaren medidas ao servizo do pobo, como demanda o BNG para recuperar o 100% do diñeiro depositado nestes produtos financeiros, toda vez que se recoñeceu e se demostrou a súa colocación con engano e á mantenta en Galiza entre decenas de miles de persoas aforradoras e pequenas investidoras sen formación nin experiencia financeira.

Foron estas deputadas e deputados galegos quen legalizaron esta estafa para a captación de fondos de milleiros de familias que tiñan depositados os seus pequenos aforros nas entidades bancarias: Antonio Eiras, Antonio Pérez, Tristana Moraleja, Juan de Dios, Joaquín García, Jaime de Olano, Olga Iglesias, Celso Delgado, Guillermo Collarte, Ana Belén Vázquez, Ana Pastor, Irene Garrido, Paz Lago, Telmo Martín e Marta González Vázquez .

Serán, pois, máis de 600 millóns de euros de aforros galegos que emigrarán fóra do noso país en canto se consume este roubo individual ás persoas directamente afectadas e a Galiza no seu conxunto.

Esta é unha realidade que, por desgraza, coñecen moi ben centos de familias de ... que levan ano e medio de loita e outras moitas que aínda veñen de saber que están afectadas por esta fraude cando se lles comunicou nas últimas dúas semanas a aprobación da quitación autorizada polo Goberno do PP.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar as políticas do Goberno central contrarias aos intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que vén como o PP legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

2. Declarar persoas non gratas no noso concello aos 15 deputados e deputadas do PP de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequen@s aforrador@s e investidor@s deste concello.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que os deputados do PP en Madrid deron o sí ás quitas en preferentes e subordinadas de persoas que non sabían onde tiñan os cartos, que esta xente foi enganada e vense na imposibilidade de recuperar os cartos que nalgúns casos son os aforros de toda a vida. Que foi unha estafa e que o goberno é responsable xa que se trata dun banco público (Nova Galicia Banco). Prosegue a decir que os deputados que votaron a favor do Decreto posibilita que a xente non poida recuperar a totalidade dos seus cartos, que non pode ser que en Galicia os deputados do PP voten unha cousa pola mañá e pola tarde voten outra en Madrid. Que é un despropósito que non lle fagan caso ás plataformas que o que tentan é que lles devolvan o que é seu e que a única presión é política, tamén por suposto dende os concellos. Que aquí xa se debateu e o concello adoptou o acordo de apoialos, sendo ista unha decisión gubernamental e non do banco. Por último

ensina un cartel onde veñen os deputados aos que se pretende reprobar e lee os nomes.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que case todo está falado xa no tema das preferentes, que todos están de acordo en que foi unha estafa, pero que entre 2008 e 2010 gobernaba o PSOE en Madrid.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que o que ten que facer o concello é loitar polos preferentistas, que xa se conseguiu que lle devolvan os cartos a máis do 20% dos afectados pero que non se pode declarar persoa non grata como á ministra á que lle terán que pedir subvencións.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que eles son os que fan máis propostas, que o PSOE votou a favor desta moción no parlamento galego e que os que votaron a favor das quitas para os silledenses e galegos teñen que ser declarados persoas non gratas.

Sometida a moción a votación esta é rexeitada co voto favorable do concelleiro do grupo mixto (1), os votos en contra dos membros do grupo do PP (6) e coa abstención dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6), en consecuencia queda rexeitada a moción do BNG para a declaración de "persoa non grata" a deputados/as que aprobaron a quitación das participacións preferentes nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia para tratar a moción sobre a reforma da lei do aborto. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que manifesta que dende a entrada do PP e baixo os dictados da igrexa católica se está a producir lexislativamente unha retroactividade nos dereitos conquistados deixando a legislación do aborto a niveis do século XIX. Que se pretende con esta lexislación distinguir entre ricos e pobres de xeitos que uns poderán abortar no extranxeiro e outros, os pobres, deixalos sen dereitos.

De seguido procede á lectura da moción que é a seguinte:

MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao

impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fique fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das multeres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actuallei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das multeres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

O Concello de Silleda porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que fixeron unha votación interna e que decidiron absterse.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos favorables dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e a abstención do grupo municipal do PP (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG sobre a reforma da lei do aborto nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia para tratar a moción polo mantemento dos partidos xudiciais nas cidades e princiipas vilas galegas. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.6.- MOCIÓN DO BNG POLO MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS NAS CIDADES E PRINCIPIAIS VILAS GALEGAS.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, dando lectura á moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte **MOCIÓN POLO MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS NAS CIDADES E PRINCIPAIS VILAS GALEGAS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do PP no Estado batalla unha reforma da Demarcación de Planta que ten como previsión na Galiza un único partido xudicial por provincia, propondo un modelo en que todos os partidos xudiciais se suprimirían para os concentrar nas capitais de provincia.

Esta reforma preténdese facer sen interlocución con axentes sociais e institucionais e decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para os concentrar na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais de desprazar as segundas instancias ao Tribunal Superior de Xustiza da Galiza, afastando así a administración de xustiza da cidadanía. E faino na liña utilizada coa súa proposta de reforma da administración local: reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas.

De se aplicar unha reforma neste sentido, as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un

servizo público básico. O PP pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades como Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, ou vilas e concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca -no Deza, a vila de Lalín- veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o cal provocaría un auténtico caos e empeoraría

o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigaría as persoas afectadas a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galiza, cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, precísanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos.

O centralismo, como vemos, non é o camiño adecuado para mellorar o servizo público de xustiza. O monopolio do Estado non pode obviar que este servizo ha de estar relacionado con outras administracións e institucións, e que mesmo a dotación de medios materiais depende nunha parte importante, no noso caso, da Xunta de Galiza.

Por iso, para que a administración de xustiza estea mellor coordinada con outras estratexias de reforma e mellora administrativa, debe camiñarse cara á transferencia da competencia sobre a demarcación e planta xudicial a Galiza.

Ao taxazo xudicial e á pretensión de reformar os Rexistros Cívís, que auguran o rumbo privatizador do goberno do PP no Estado, hai que lle acrecentar agora esta nova agresión ao dereitos dos galegos e das galegas a un servizo público fundamental como é a xustiza.

Polo exposto solicitamos do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a

1. Retirar a proposta do Ministerio de Xustiza para establecer un único partido xudicial en cada capital de provincia, porque eliminaría os partidos xudiciais de cidades e vilas galegas de importancia.
2. Impulsar unha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia á Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e nos concellos de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.
3. Acometer unha racionalización da xustiza fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o

achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custos engadidos.

Rematada a lectura dí que o que se pretende é facer que a administración estea máis lonxe e máis caro o seu acceso aos cidadáns.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que a proposta está aínda no aire, que cando haxa algo en firme opinarán.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos favorables dos grupos do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e a abstención do grupo municipal do PP (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG polo mantemento dos partidos xudiciais nas cidades e principias vilas galegas nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia para tratar a moción sobre a exención do pagamento da recollida de lixo para as vivendas sen uso do rural. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXENCIÓN DO PAGAMENTO DA RECOLLIDA DE LIXO PARA AS VIVENDAS SEN USO DO RURAL.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que existe unha queixa por parte dos veciños que teñen vivendas nas que non se presta o servizo de recollida de lixo e que non se lles da de baixa. De seguido procede a dar lectura á moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE A EXENCIÓN DO PAGAMENTO DA RECOLLIDA DO LIXO PARA AS VIVENDAS SEN USO DO RURAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existen numerosas demandas no rural de Trasdeza de moitos propietarios de vivendas que non teñen nin tan sequera un uso esporádico, de fin de semana, vacacións, etc., por estaren obrigados a facer efectivo o pagamento íntegro do imposto pola recollida do lixo cando non son usuarios en absoluto do mesmo, o que non ten moito sentido.

Esta cuestións xa foi exposta verbalmente polo Concelleiro do BNG, mais até agora non se tomou unha decisión para unha cuestión que afecta economicamente a parte da veciñanza e consideramos que o goberno debe actuar e tomar unha decisión ao respecto, polo que é necesario atender esta reclamación, non masificada, mais dabondo xeralizada, sobre todo pensando naqueles cidadáns que nunca lle dan uso a este servizo por ter vivendas totalmente baleiras e sen uso ningún e que o están a pagar obrigatoriamente nas distintas parroquias de Silleda.

Polo exposto solicitamos do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

Que o Concello de Silleda exima do pagamento do servizo de recollida do lixo a aquelas vivendas do medio rural nas que se comprobe de forma fidedigna que non teñen uso, e polo tanto, non se ven beneficiadas polo servizo antedito.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen manifesta o voto favorable do seu grupo.

Intervén a Sra. Alcaldesa exponiendo que cando unha persoa solicita a exención da taxa de lixo envíase á policía local e logo se é favorable comunícase ao ORAL para que sea dada de baixa. Que calquera modificación da Ordenanza debe vir informda técnica e xurídicamente. Anuncia a abstención do seu grupo porque xa se está a facer.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí coñecer xente que non usa a vivenda e se lle cobra e que se hai que modificar a ordenaza que se faga.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos favorables dos grupos do PP e grupo mixto (7) e a abstención dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG sobre a exención do pagamento da recollida de lixo para as vivendas sen uso do rural nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sra. Alcaldesa xustifícase a urxencia da moción sobre xustificación do gasto das subvencións aos grupos políticos municipais ao leer o informe da intervención municipal. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.8.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE XUSTIFICACIÓN DO GASTO DAS SUBVENCIÓNS A PARTIDOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Por parte da Sra. Alcaldesa faise un resumo da moción e da lectura á parte dispositiva. A moción é a seguinte:

PAULA FERNÁNDEZ PENA, VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE XUSTIFICACIÓN DO GASTO DAS SUBVENCIÓNS A PARTIDOS POLITICOS MUNICIPAIS PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN NO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Dende o Goberno local estase a impulsar a transparencia nas retribucións a cargos electos, incorporando información a web municipal das retribucións e patrimonio dos membros da corporación e sobre as responsabilidades e incompatibilidades dos mesmos, opción que foi usada polas forzas políticas do PSdG-PSOE e BNG exclusivamente.

Continuando nesa liña e visto o informe de Intervención sobre a Liquidación do orzamento municipal do ano 2012, que no seu apartado 5 sobre Análise de Execución do Orzamento de Gastos. Exercicio Corrente se fai referencia ás aportacións aos grupos políticos municipais, abonadas en data 28 de decembro de 2012

O artigo 73.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, relativo ás asignacións económicas aos grupos políticos establece limitacións en canto ao destino de ditas asignacións, xa que non poden destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquer tipo, ao servizo da corporación nin á adquisición de bens que poidan considerarse activos fixos de tipo patrimonial.

A citada Lei, no relativo ao control e xustificación de ditas asignacións económicas establece que os grupos políticos deben de levar unha contabilidade específica e que poñeran a mesma a disposición do Pleno da Corporación sempre que sexa solicitada por este órgano.

De feito, no propio informe de Intervención anteriormente reseñado, se advirte que, en todo caso, e sen prexuízo do control que debe efectuar o Pleno, os distintos grupos municipais deben de presentar ante a Intervención municipal a xustificación dos gastos efectuados ao amparo das citadas asignacións económicas para a súa correspondente fiscalización.

A día de hoxe o PSdG-PSOE, entregou en intervención a contabilidade completa da agrupación municipal para que se comprobe que en todo caso o cumprimento do artigo 73.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e para a xustificación das cantidades asignadas con cargo ao Orzamento Municipal de 2012.

Por todo elo,

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Instar a, que de acordo ao do artigo 73.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, os grupos políticos municipais da Corporación de Silleda, presente ante o pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre, a contabilidade específica dos gastos abonados con cargo ás asignacións económicas municipais aos grupos.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que dí que están de acordo.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen manifesta estar de acordo.

Sometida a moción a votación esta é aprobada por unanimidade (13), en consecuencia queda aprobada a Moción do PSdeG-PSOE sobre xustificación do gasto das subvencións a partidos políticos municipais nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sra. Alcaldesa xustifícase a urxencia da moción sobre a execución de medidas compensatorias no sistema fluvial Ulla-Deza, pola construción do trazado de alta velocidade, en que a semana pasada revisando documentación para unha subvención, fixemos unha revisión do documento obxecto da moción e vimos que non se cumpriu co acordo para o cal e pedimos un informe á policía local. Sometida a urxencia da moción a votación esta é apreciada por unanimidade e co quórum da maioría absoluta, quedando incluída na orde do día do pleno.

3.9.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE A EXECUCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS NO SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA, POLA CONSTRUCCIÓN DO TRAZADO DE ALTA VELOCIDAD.

Por parte da Sra. Alcaldesa dase lectura á moción que é a seguinte:

PAULA FERNÁNDEZ PENA, VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS NO SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA, POLA CONSTRUCCIÓN DO TRAZADO DE ALTA VELOCIDAD, PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN NO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Durante as obras de Construcción de plataforma do Corredor N-NO de Alta Velocidad. Eixo Ourense-Santiago, tramo Lalín-Santiago Subtramo Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas), foron propostas unha serie de medidas que compensarían a perda de hábitats para a fauna en zonas incluídas no Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) denominado Sistema Fluvial Ulla-Deza, debido á grande relevancia de algún de ditos hábitats.

Estas medidas foron aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no seu informe de data 13 de agosto de 2004.

Por acordo entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible-Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif), ditas medidas compensatorias foron substituídas por outras de aplicación máis directa e inmediata sobre a zona afectada, cumprindo así a finalidade de compensar os posibles perxuízos ocasionados por ocupación do LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza.

Estas novas medidas foron recollidas no informe de MEDIDAS COMPENSATORIAS POR OCUPACIÓN DO LIC "SISTEMA FLUVIAL ULLADEZA", de xuño de 2008.

En este informe aparecen varias medidas que non foron executadas unha vez rematadas as obras mencionadas do subtramo Silleda (Carboeiro)- Silleda (Dornelas).

As medidas que non se executaron son as seguintes:

1. Construcción dunha fonte e creación dun Biotopo para pequenos anfibios, nas proximidades da pía 5 do viaduto de Toxa.
2. Eliminación de todas as especies exóticas (mimosas-eucaliptos ..) dentro das franxas de vexetación de ribeira asociadas aos cauces en cuestión, con eliminación dos pés mediante taltas e tratamento a base de glifosato, repetindo esta operación dúas ou tres veces para evitar o seu rebrote.
3. Creación dunha faixa de xestión de biomasa nos tramos da senda referidos no informe de medidas compensatorias.
4. Retirada das árbores caídas no tramo 4 da senda recollida do mesmo informe
5. Restauración da sinalización, repintado da sinalización existente con pintado de marcas novas naqueles tramos de camiños deficitarios
6. Instalación de novos carteis informativos da ruta sobre os soportes existentes e pintado dos mesmo, que conterán información sobre a ruta; os de inicio/fin do

sendeiro, así coma o situado no lugar de Paradela ,sobre recorrido, lonxitude, grao de dificultade, tempo necesario, desniveis, puntos de interesee o situado xunto á pasarela, sobre o Sistema Fluvial Ulla-Deza.

7. Instalación de dous indicadores de dirección, tanto á entrada como á saída do lugar de Pazos, de características similares ao existente no cruce da estrada PO-204, e a pista que conduce ao lugar.

8. Restauración e ampliación en 60 metros da valla de protección do sendeiro nun tramo de 60 metros na zona da senda sinalada co número 4.

De todas as obras destacadas no informe, cabe resaltar que se executou a correspondente ao pintado da pasarela metálica que une os municipios de Silleda e Vila de Cruces, sobre o río.

Por todo o exposto anteriormente propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar ao Adif á execución, de maneira inmediata, das obras que figuran no citado acordo de medidas compensatorias pola construción do Trazado de Alta Velocidade e que aínda non foron executadas, solicitando que se acometan antes da época estival, na que recursos e monumentos situados no Sistema Fluvial Ulla-Deza, como a Fervenza do Toxa ou o Mosteiro de Carboeiro reciben a milleiros de persoas.

SEGUNDO: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para que esixa a realización das obras recollidas no informe de MEDIDAS COMPENSATORIAS POR OCUPACIÓN DO LIC "SISTEMA FLUVIALULLA-DEZA", de xuño de 2008.

TERCEIRO : Dar traslado deste acordo ao Concello de Vila de Cruces, tamén afectado polas obras recollidas no informe de MEDIDAS COMPENSATORIAS POR OCUPACIÓN DO LIC "SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA", de xuño de 2008.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que lle parece ben

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, anunciando o seu voto en sentido favorable

Sometida a moción a votación esta é aprobada por unanimidade (13), en consecuencia queda aprobada a Moción do PSdeG-PSOE sobre a execución de medidas compensatorias no sistema fluvial Ulla-Deza, pola construción do trazado de alta velocidade nos termos en que foi presentada.

Por parte do Sr. Espiño Espantoso, solítase votar a urxencia para tratar a moción sobre a creación dunha comisión de investigación que sirva para esclarecer os feitos denunciados pola anterior secretaria, dona Cristina Alonso, con motivo da presunta falsificación da súa sinatura. Por parte da Sra. Alcaldesa díse que xustifique a urxencia ao que o Sr. Espiño Espantoso dí que estaban a agardar a que por parte do grupo de goberno se fixera algo. A Sra. Alcaldesa dí que no tocante á urxencia ten que dicir que iste acordo xa está adoptado e que van a votar en contra xa que puideron presentalo antes por rexistro. Sometida a urxencia a votación esta é apreciada por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PP e grupo mixto (7), e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE quedando incluída na orde do día do pleno.

3.10.- MOCIÓN DO PP SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN QUE SIRVA PARA ESCLARECER OS FEITOS DENUNCIADOS POLA ANTERIOR SECRETARIA, DONA CRISTINA ALONSO, CON MOTIVO DA PRESUNTA FALSIFICACIÓN DA SÚA SINATURA.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso, dando lectura á moción que é a seguinte:

O voceiro do PP de Silleda, D. José Luis Espiño Espantoso, dá traslado aos grupos políticos con presenza na Corporación Municipal para que, de acordo co establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno unha MOCIÓN relativa a DENUNCIA PRESENTADA POLA ANTERIOR SECRETARIA, DONA CRISTINA ALONSO, CON MOTIVO DA PRESUNTA FALSIFICACIÓN DA SUA SINATURA

• EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de ter coñecemento da denuncia da anterior Secretaria Municipal, Dona Cristina Alonso, ante a administración autonómica e un xulgado compostelán, onde se recolle que a súa firma foi falsificada nun certificado do día 7 de xuño de 2012, dentro dun proceso de contratación de traballos para os que o Concello de Silleda conseguiu financiación do Fondo de Compensación Ambiental para o proxecto da traída de augas de Quintela, Andamollo e Vilaverde, con un presuposto de 37.043 euros; e dado que é un feito sen precedentes que unha secretaria dun Concello denuncie que a súa sinatura foi falsificada nun certificado municipal, un feito que, de probarse, é especialmente grave; seguimos esperando que dende o grupo de goberno expliquen a natureza do ocorrido e que conten o que saben de esta denuncia.

As últimas declaracións vertidas por parte da alcaldesa, Paula Fernández, falaban de que a funcionaria non entregara a documentación completa relativa ó expediente e que non tiña acceso a dito expediente. Queremos recordarlle que sí tiveron acceso ó expediente, xa que ela mesma e o seu grupo de goberno aprobou en Xunta de Goberno Local a principios do mes de Xuño de 2012 dito expediente, recibindo o visto e prace por parte do Grupo de Goberno. A secretaria, non tiña que aportar ningunha documentación e o expediente segue en dependencias municipais. A Secretaria, ó ser parte implicada, iniciou o trámite co nomeamento de dous funcionarios como instructor e secretario.

Dona Paula Fernández, declarou que o Goberno non convocaría a xunta de portavoces prevista ata pasadas as festas navideñas do ano 2012, debido segundo ela mesmo á falta de personal no período vacacional e escudándose tamén en que non recibira por parte da oposición ningunha petición para a nova convocatoria da reunión.

Por todas estas razóns, someto ao PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar que se constituía unha comisión de investigación canto antes que sirva para esclarecer os feitos.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que xa manifestou que se tiña que investigar este asunto ata o final e asumir as súas responsabilidades polo que anuncia o seu voto en sentido favorable.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen quere aclarar que este asunto xa está acordado que existe un expediente administrativo que se está a levar no concello e que por outra banda o xulgado xa arquivou o expediente.

Sometida a moción a votación esta é aprobada por unanimidade (13), en consecuencia queda aprobada a Moción do PP sobre a creación dunha comisión de investigación que sirva para esclarecer os feitos denunciados pola anterior secretaria, dona Cristina Alonso, con motivo da presunta falsificación da súa sinatura nos termos en que foi presentada.

Dilixencia: Para facer constar que sendo as vinteunha horas e corenta e dous minutos faise un receso, reanudándose a sesión ás vinteunha horas e cincuenta e tres minutos.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre, solítase votar a urxencia da moción de reprobación á Alcaldesa e ao primeiro tenente de alcaldesa. Por parte da Alcaldesa solicítaselle que xustifique a urxencia. O Sr. Rodríguez da Torre dí que no último pleno vírense prácticas habituais en materia de contratación de material de obra (a alcaldesa insiste en que se está a debater a urxencia, ao que o Sr. Rodríguez da Torre contesta que xa o sabe, prosegue dicindo que saiu que o tenente de alcaldesa non paga o lixo, que está tamén a presunta falsificación da sinatura da secretaria e que en resumo hai cuestións que ensombrecen a xestión do grupo de goberno e que existen en consecuencia responsabilidades políticas que se deben asumir.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que a urxencia non está xustificada xa que non se pode anunciar isto na prensa o día 17 do presente mes e presentar unha moción por vía de urxencia agora mesmo e non presentala por rexistro, ademáis de afectar a dúas persoas do goberno que poderíanse defender se se presentase con antelación, co que entende que isto segue unha liña de política de baixura. Sometida a urxencia a votación esta é apreciada por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PP e grupo mixto (7), e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE quedando incluída na orde do día do pleno.

3.11.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REPROBACIÓN DA ALCALDESA E O PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDESA DO CONCELLO DE SILLEDA.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre, quen dí que as mocións podería presentalas de viva voz tal e como lle permite o R.O.M. e a LRBR, procede a resumir a moción dando lectura á parte dispositiva.

A moción é a seguinte:

"MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN SOBRE A REPROBACIÓN DA ALCALDESA E O PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDESA DO CONCELLO DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas cuestións ensombrecen a xestión deste goberno, algunhas delas recoñecidas publicamente nas últimas datas, polas cales o Bloque Nacionalista Galego de Silleda consideramos a Alcaldesa como responsábel última e cómplice, de manter no seu goberno, e non desautorizar a concelleiros que non pagan os recibos da recollida do lixo, ou permitir proceder con favoritismo e discriminación en diversas contratacións, e tamén consideramos o tenente de Alcaldesa responsábel no ámbito das súas competencias como Concelleiro Delegado da Área de Obras e Servizos ao recoñecer en público e mesmo na sesión plenaria ordinaria anterior que se lle collían os materiais de obra a unha empresa en concreto "por ser un costume que sempre existiu no Concello de Silleda, e agora, simplemente, se cambiara de empresa" e tamén ao confesar que sendo o Concelleiro responsábel do servizo non se atopaba no Padrón do lixo e, polo tanto, non aboaba o recibo do servizo municipal de recollida, á parte de mostrar a súa negativa a proceder ao pagamento dos recibos pendentes.

Convértense estas dúas cuestións nun agravio comparativo para os silledenses, non dando marxe á igualdade de oportunidades nin de dereitos, permitido pola Alcaldesa como primeira responsábel do goberno e mantedora dun Tenente de Alcaldesa, e máis como concelleiro encargado do servizo, cuxo comportamento e actitudes inzadas de empoderamento distan un abismo do que debe ser exemplar no cumprimento da normativa impositiva vixente.

Amais, únese isto á importante relación histórica de críticas por ofrecerem unha xestión pouco transparente, escura e mesmo irregular en accións que teñen saltado á luz pública: véxase, por exemplo, o caso da denuncia pola presunta falsificación da sinatura da anterior secretaria xeral do Concello de Silleda, na que se chegou a facer unha exposición cando menos estraña da autoría da mesma, mais aínda non se ten coñecemento de cal foi a causa e as posíbeis asuncións de responsabilidades neste asunto, ao non ser tratado nunca máis en sede municipal.

Con todo reiteramos e expomos o citado para fundamentarmos a solicitude de acordo posterior, a fin de a Corporación valorar as responsabilidades polas que se demandará a reprobación:

1. A Alcaldesa, Paula Fernández Pena, especialmente por permitir que un concelleiro do seu goberno, encargado da xestión dos servizos e por tanto da xestión da recollida do lixo non pagase o recibo do lixo e non estar incorporado ao padrón correspondente, demostrando e consentindo unha negligente xestión ou coa súa complicidade para que os membros do goberno non paguen os recibos como o resto de veciños/as, e permitindo o favoritismo e a discriminación doutros negocios de Silleda ao facerse público que se están a adquirir os materiais para obra dun familiar doutro concelleiro do seu goberno. E mesmo ser responsábel da xestión última dun goberno municipal no que existiron outras cuestións, aínda sen esclarecer, mais dabondo dúbidas de ser irregulares como a presunta sinatura falsa da secretaria xeral anterior.
2. O Tenente de Alcaldesa, Manuel Cuíña Fernández que fai opaca e falta de confianza a xestión deste Concelleiro no ámbito das súas competencias como Delegado da Área de Obras e Servizos, ao recoñecer en público, cando menos, dúas infraccións irregulares para quen ten conferida a función de representante público da cidadanía:

- A adquisición de material de obra a unha única empresa emparentada cun concelleiro do PSOE, por causa da súa vontade e non por cuestións obxectivas.
- Ao recoñecer que sendo o Concelleiro responsábel do servizo non se atopaba no Padrón do Lixo e, polo tanto, non aboaba o recibo do servizo municipal de recollida, á parte de mostrar a súa indisposición ao pagamento dos recibos pendentes.

Por todo o exposto solicitamos do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. A reprobación política e formal por parte da Corporación Municipal de Silleda da Alcaldesa do Concello de Silleda, Paula Fernández Pena.
2. A reprobación do Tenente de Alcaldesa do Concello de Silleda, Manuel Cuiña Fernández, polas numerosas cuestións tamén expostas.
3. É por todo isto que o Pleno acorda a reprobación pública, política e notoria, o que significa un suspenso formal aos dous membros anteditos do goberno municipal, a Alcaldesa como responsábel máxima e o Tenente de Alcaldesa polo recoñecemento explícito dos casos citados, ao seren as dúas primeiras cuestións de agravio comparativo para os silledenses, non garantindo igualdade de oportunidades nin de dereitos, nin, caso da terceira, establecer unha xestión transparente e clara da demanda citada.

Considerando que esta reprobación debe conlevar:

- Que a Alcaldesa incorpore inmediatamente a Manuel Cuiña Fernández ao padrón de recollida do lixo e o pagamento dos recibos que correspondan.
- O compromiso da Alcaldesa de solicitar ofertas a todos os negocios de provedores locais para adquirir materiais de obra.
- O esclarecemento en todas as acusación e accións que teñan que ver coa presunta falsificación da sinatura da anterior secretaria xeral do Concello de Silleda.
- Que sexa revogada a dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcaldesa, con réxime de retribución bruta de 28.197,27 euros anuais, pagadeiros en 14 mensualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias), aprobada no Pleno da Corporación Municipal de Silleda do 8 de xullo de 2011, (da cal goza na actualidade Manuel Cuiña Fernández), por apreciar diversas infraccións e irresponsabilidades políticas que non o fan merecedor da mesma.

Polo que se solicita a notificación do presente acordo ante todos os interesados tanto a nivel particular como aos organismos e institucións pertinentes.”.

Rematada a lectura prosegue o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que incluso a constitución do ano 1931 establecía o dar suspensos. Quere facer unha serie de consideracións: Que non é unha encerrona, que non se trata dunha venganza e que a paciencia se esgota a súa e a de gran parte da cidadanía e que existiu arrogancia, prepotencia e chulería (A Alcaldesa lle pide rigor dialéctico e o Sr. Rodríguez da Torre dí que retira o de chulería). Prosegue o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que a xestión política debe ser ademáis de política, social, económica e chegar á cidadanía, e que os reprobados caen no populismo e na manipulación. Recoñece

que este goberno é cuidadoso nas contas pero que hai que gobernar para todos a para todas, polo (coa advertencia da Alcaldía de esgotar os 10 minutos de intervención) que solicita a reprobación formal, coas cuestións que se pediron.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que está de acordo coa moción que moitas das cuestións que figuran xa as denunciaron eles e que xa teñen saído na prensa e noutros plenos, que aínda fallan cousas como o accidente do conche na viaxe a Santiago, pero que o que máis lle indigna é a prepotencia e de que traten de xustificar o injustificable como no referente ao lixo que non se pode decir que se pagan 40.000,00 euros en impostos.

Intervén o Sr. Cuiña Fernández quen dí que ten moi mala sorte xa que no mesmo pleno que tentan reprobar aos deputados do PP tamén o reproban a él. Que quen lle propón reproballo sacou 1/3 dos votos dos que sacaba a súa compañeira cando encabezaba a lista, que a Constitución lles permite seguir, senón estaría o concelleiro do BNG só. Remata dicindo que se o concelleiro do BNG dí que lle da asco compartir goberno con él que procurará compartir o menos posible con él.

Por parte da Sra. Alcaldesa dáse unha segunda quenda de intervención indicando que será de 5 minutos.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que non están para explicar o número de voos acadados polo BNG. Dí que ao BNG de Silleda lle da vergoña compartir corporación co Sr. Cuiña Fernández e que con outros tamén. Que no tema da secretaria dixo que se apoiou investigalo e que se parou por algo, que o xulgado o pode arquivar pero iso non vincula ao concello, prosegue dicindo que con esas prácticas acaba sentándose o réxime do medo e que todos debemos ser respectuosos cos demais. Remata a súa intervención dicindo que hai cousas que non son ilegais pero que son irregulares e que hai que asumir responsabilidades.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen quere facer unhas reflexións, en primeiro lugar dicir que estivo o Sr. Rodríguez da Torre dous anos con eles e que presenta a moción de reprobación ao lle retiraren o salario, que todas as críticas son persoais, á alcaldesa por prepotente, ao Sr. Cuiña por arrogante. Que non entende que lle digan que están xestionando ben e os reproben por actitudes persoais. Prosegue a dicir que foron eles mesmos os que abriron os procesos para regular o lixo, que xa o fixeron na anterior lexislatura, que xa se detectaran usuarios que non estaban de alta en base ao P.I.C. e aos informes da policía local e que á vista dos datos se comunica ao ORAL e que todos son conscientes que é necesario subir o lixo e que están a agardar ata a regulación do padrón fiscal. Remata dicindo que poden cometer erros pero que teñen que facer xestión cousa que fan e que é indigna esta reprobación.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo por alusións que non era venganza, que traballou 20 meses co grupo de goberno e que o BNG lles deu a investidura e que as dúas veces non lles deu confianza. Que as críticas non son persoais, que o problema é que o BNG pensa que non están a tratar ben a democracia no concello. Remata dicindo que dicir boa xestión nas contas non quere dicir que sexan bos na xestión.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que o BNG esgotou a confianza que nel tiña depositada o grupo de goberno, que votaba en contra do resto dos compañeiros e quen non perdeu a confianza no BNG senón no Sr. Rodríguez da Torre.

Por parte da Alcaldesa dáselle a palabra ao secretario

Por parte do secretario pregúntase se se lle pode aclarar por parte do propoñente da moción, se despois do punto terceiro da parte dispositiva o apartado considerando se refire a unha recomendación á alcaldía ou forma parte do acordo e é inmediatamente executivo xa que hai cuestións que non son de competencia do Pleno como pode ser compromiso da Alcaldesa de solicitar ofertas a todos os negocios de provedores locais para adquirir materiais de obra, ademáis no apartado referente á revogación da dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcaldesa, non se establece que se fan cos créditos orzamentarios se se declararían indipoñibles ou poderían ser obxecto de transferencia de crédito por poñer un exemplo, todo ilo no eido de dar cumprimento ao acordo e dirixilo aos interesados como reza o derradeiro párrafo.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que o considerando vai incluído no punto 3º e que se debe considerar na parte dispositiva, que hai cuestións que se trataron x ana parte expositiva, en relación a cuestións que non son competencia do pleno considérase que o pleno o propón para que a Alcaldesa o execute.

Intervén o secretario dicindo que lle quedou claro a medias. Insiste en que no apartado segundo do considerando non é competencia do pleno poder adoptar ese acordo, que se o senso do considerando é que a alcaldía tome nota de reprobación e procure dar cumprimento ao solicitado en dito considerando ou que é inmediatamente executivo o proposto despois do punto 3º da parte dispositiva, no caso concreto do primeiro tenente de alcalde retirarlle a adicación exclusiva.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen confirma que o que se propón no considerando forma parte da parte dispositiva do acordo e que en consecuencia e en concreto co preguntado a adicación exclusiva da que goza o primeiro tenente de alcalde, Manuel Cuiña Fernández revogada, outra cousa será, de prosperar a moción, que no futuro haxa outro primeiro tenente de alcalde en cuxo caso o pleno se pronunciará sobre a mesma.

Por parte do secretario díselo ao Sr. Rodríguez da Torre que lle quedou claro o acordo.

Sometida a moción a votación esta é aprobada cos votos favorables dos membros dos grupos municipais do PP e BNG (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG sobre a reprobación da Alcaldesa e o Primeiro Tenente de Alcaldesa do Concello de Silleda nos termos en que foi presentada.

4º.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCIZO ORZAMENTARIO DE 2012.

Por parte do secretario dáse lectura a liquidación do orzamento que é a seguinte:

Examinada a liquidación do exercicio 2012, e liquidación de exercicios pechado, cos seus documentos xustificativos.

Visto que con data 15 de maio de 2013, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 15 de maio de 2013, emitiuse Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2012, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

Dereitos recoñecidos netos.....	6.570.825,72
Obrigas recoñecidas netas.....	5.509.531,45
Resultado orzamentario.....	1.061.294,27
Desviacións de financiación positivas do exercicio.....	404.501,51
Desviacións de financiación negativas do exercicio.....	131.121,36
Resultado orzamentario axustado.....	787.914,12
Remanente de tesourería total.....	2.030.423,44
Exceso de financiamento afectado.....	105.064,11
SalDOS de dubidoso cobro.....	2.560.872,80
Remanente de tesourería para gastos xeral.....	-635.513,47

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordear a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a.Paula Fernández Pena, en Silleda, a 20 de maio de 2013; do que, como Secretario, dou fe.”

O pleno dáse por enterado

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DENDE O 15 DE MARZO ATA O 30 DE ABRIL.

Dase conta das resolucións da Alcaldía dende o 15 de marzo ata o 30 de abril que estiveron a disposición dos concelleiros dende a convocaria do pleno.

Por parte do Sr. Espiño Espantoso pregúntase polo decreto do contrato do asesor e que non ven aances. Resposta a Alcaldesa que se enviou solicitude dirixida ao colexo de Arquitecto para facer a invitacións correspondente.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre pregúntase polas bases de selección do persoal incluído na plan de emprego da deputación. Contesta a Sra. Alcaldesa quen dí que as bases son similares ás doutros anos, que foron publicadas e que o expediente está resolto.

Pregúntase por parte do Sr. Cuiña Fernández por un Decreto de devolución dunha factura. Presentada pola Asociación Feiral de Silleda. Contesta a Alcaldesa que se devolve porque o concepto era totalmente falso, que é un concepto de montaxe e desmontaxe do stand na feira de TUREXPO de máis de 1.000,00 euros, que falei co representante da Asociación Feiral e me confirmou que o montaxe e desmontaxe fora feito por persoal municipal e que por parte do concelleiro daquela de cultura e turismo dirá a orde de emitir unha factura de máis de 1.000,00 euros para poderlle facer o pagamento a dúas persoas que estiveron traballando neses días ilegalmente e sen ningún tipo de contrato e de feito se comentara que esas persoas eran voluntarios ademais de ser expedida por un familiar directo do concelleiro entón de cultura e turismo

O Sr. Rodríguez da Torre pregunta se pode intervir. A Alcaldesa pregúntalle ao secretario, quen dí que este punto na orde do día é unicamente para dar conta co que non se poden producir intervencións, pero que non obstante se están a responder preguntas co que debe decidir a presidenta.

O Sr. Rodríguez da Torre solicita que conste en acta que non se lle concede a palabra.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PP, Sr. Espiño Espantoso

Dí que fai falla unha marquesiña en Freixeiro, pregunta sobre o pintado do paso de peóns onde para o autobús, contesta o Sr. Cuiña Fernández dicindo que isa é unha estrada de ámbito autonómico e que non poden pintar.

Roga que se tape un bache á saída da igrexa, contesta o Sr. Cuiña Fernández que ese bache está tapado fai máis dunha semana.

Pregunta sobre a sinalización das rúas do casco urbano de Silleda.

Rogo para arranxar o tramo do camiño de Santiago de Dornelas a Silleda que está intransitable.

Grupo Mixto, intervén o Sr. Rodríguez da Torre

Pregunta se lles poden dar unha explicación de porque no consello municipal de educación non foi convocado a banda de musiquiños. Contesta a Sra. Alcaldesa que tiñan que ser convocados polo consello de educación e que xa se lle pediron desculpas.

Vaise convocar o Consello municipal do deporte?

Vaise convocar o Consello Económico e Social?

Fai un rogo referente á senda da igrexa de Santirso de Mánduas despois de tantas demandas das asociacións de veciños de Manduas, Abades e Pazos para intentar seguir unha beirarúa ata Campomarzo - Pazos. E se o concello fixo insistencia sobre esta cuestión e que senón o fixo que o faga.

Vaise convocar a mesa da auga e se existe acordo con Espina & Delfín e se a xente o pode asumir?

O IBI para cobrarlle á igrexa católica xa se puxo en marcha, excepto aqueles inmóbeis exentos polo concordato?

Van falar cos usuarios de Peroxa na Lamela? Van a sacar ese convenio do caixón? Se se saca ese convenio vanse destinar eses cartos a outras pistas municipais?

PSdeG-PSOE, Sr. Cuiña Fernández

Faile un rogo ao Sr. Espiño Espantoso como voceiro do PP para que retire a palabra de prevaricador que lle chamou xa que a prevaricación é un delito e ao acusarlle de cometelo esta cometendo él. O Sr. Espiño Espantoso dí que non ten ningún problema en retirar esa palabra pero que o Sr. Cuiña Fernández retire tamén a palabra de alimaña que lle dirixiu. Quedan ámbolos dous de retirar esas palabras.

Remata a Alcaldesa dicindo que se dará contestación neste punto por escrito.

E sen máis asuntos que tratar, o Sra. Presidenta da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas e cincuenta e seis minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.



O SECRETARIO,

